- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social, do turismo e da investigación.
- Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.
- Calquera outra iniciativa e acción dirixida á consecución dos seus fins.

A Axencia conta cos seguintes órganos de goberno:

- Consello Reitor
- Presidencia

Ademais, segundo o artigo 20 do Decreto 150/2012, a AGADIC conta coa Dirección como órgano executivo da Axencia e ca seguinte estrutura dependente da Dirección:

- Departamento de Xestión.
- Departamento de Fomento e Promoción de Políticas Culturais.





- Departamento de Política Audiovisual.
- Departamento de Producción Teatral.
- Departamento de Producción Coreográfica.

Segundo o artigo 28 do Decreto 150/2012, a AGADIC conta cunha Comisión de Control e Seguimento que ten, entre outras, as seguintes funcións:

- o Supervisar o procedemento e os sistemas de elaboración da información de xestión e a económico-financeira que se someterá ao Consello Reitor.
- o Revisar as contas anuais que deben someterse ao Consello Reitor para a súa formulación de acordo coa normativa aplicable.

Marco normativo de información financeira aplicable:

A AGADIC réxese en xeral, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; pola normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; pola Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; polo seu estatuto e demais normativa reguladora do sector público autonómico.


**(2) Bases de Presentación**

Imaxe fiel

No cumprimento da lexislación vixente, o director da Axencia formulou estas contas anuais co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados das súas operacións, da liquidación do orzamento e dos cambios na situación financeira do exercicio 2014, así como a proposta de aplicación de resultados de dito exercicio.

Estas Contas anuais preparáronse a partir dos rexistros auxiliares de contabilidade da Axencia.

O director da Axencia estima que as contas do exercicio 2014 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas. Como require a normativa contable, o balance, a conta do resultado económico-patrimonial e o cadro de financiamento do exercicio 2014 recollen, a efectos comparativos, as cifras correspondentes ao exercicio anterior, que formaban parte das





Contas anuais de 2013, que foron sometidas á aprobación do Consello Reitor con data do 23 de xullo de 2014.

### (3) Aplicación de Resultados

A proposta de aplicación de resultados do exercicio anual terminado en 31 de decembro de 2014, formulada polo director e que se someterá á aprobación do Consello Reitor da AGADIC, consiste en traspasar o desaforro do exercicio á conta de resultados de exercicios anteriores.

### (4) Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados

Estas Contas anuais fórmulanse de acordo cos principios contables e normas de valoración e clasificación contidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.


Na presente memoria modificouse o cadro de financiamento correspondente ao exercicio 2013 coa finalidade de que os seus datos foses comparables cós do presente exercicio.

Os principais aplicados son os seguintes:

#### (a) Inmobilizacións inmateriais

As inmobilizacións inmateriais procedentes do IGAEM (véxase Nota 1) que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2008, foron traspasadas no momento da creación da Axencia, valóranse polo valor neto contable recoñecido nos rexistros do IGAEM. As adicións dende a constitución da Axencia valóranse polo seu custe de adquisición e preséntanse netas da súa correspondente amortización acumuladae provisións, conforme aos seguintes criterios:

- A propiedade industrial recolle os custes inherentes ás patentes rexistradas pola Axencia e amortízanse linealmente durante un período de 5 anos.
- As aplicacións informáticas figuran polo seu custe de adquisición e amortízanse linealmente durante o período de 5 anos en que está prevista a súa utilización. Os custes de mantemento das aplicacións informáticas lévanse a gastos no momento en que se incorre neles.
- No epígrafe “Outro inmovilizado inmaterial” a Axencia rexistra os custes asociados a cada un dos proxectos que realiza anualmente. O rexistro lévase a cabo ao custe de adquisición e ao cerre de cada exercicio a Axencia avalía os custes activados e procede a amortizar integramente aqueles que non poderán ser utilizados en espectáculos posteriores e reclasifica, en función da súa natureza, os custes que terán unha vida útil superior a un ano aos epígrafes de inmovilizado material correspondentes.





(b) Inmobilizacións materiais

As Inmobilizacións materiais procedentes do IGAEM (véxase Nota 1) que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2008, foron traspasadas no momento da creación dea Axencia, valóranse polo valor neto contable recoñecido nos rexistros do IGAEM. As adicións dende a constitución da Axencia preséntanse polo seu custe de adquisición, deducidas as amortizacións acumuladas correspondentes.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase sobre os valores de custe ou de achega, segundo proceda, seguindo o método lineal durante os seguintes anos de vida útil estimada:

Os gastos de mantemento e as reparacións do inmovilizado material que non melloran a súa utilización ou non prolongan a súa vida útil cárganse á conta do resultado económico-patrimonial no momento en que se incorren.


|                                      | Anos de<br>vida útil |
|--------------------------------------|----------------------|
| Construcións                         | 25-50                |
| Instalacións técnicas e maquinaria   | 8                    |
| Utillaxe e mobiliario                | 7-10                 |
| Equipos para procesos de información | 5                    |
| Outro inmovilizado                   | 4                    |

(c) Debedores

A Axencia segue o criterio de dotar aquelas provisións para insolvencias que permiten cubrir os saldos de certa antigüidade ou nos que concorren circunstancias que permiten razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

(d) Curto/longo prazo

No balance clasifícanse a curto prazo os créditos e débedas con vencemento igual ou inferior a doce meses desde a data de peche do exercicio e a longo prazo cando exceden de dito período.





(e) Ingresos e gastos

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se ditan os correspondentes actos administrativos. Non obstante, ao peche do exercicio, aínda que non se ditan os correspondentes actos administrativos, recoñécense na conta do resultado económico-patrimonial e no estado de execución do orzamento os gastos efectivamente incorridos ata dita data. No caso das subvencións concedidas pola Axencia, os gastos derivados delas recoñécense no momento en que, recibida unha solicitude de cobro por parte do interesado, se acredite a realización e pagamento das actuacións subvencionadas e o resto de requisitos que se lle requiren na resolución de concesión da subvención.

De acordo coa normativa contable aplicable, as transferencias e subvencións recibidas, sexan correntes ou de capital, abónanse a resultados no momento en que son concedidas, salvo que sexan de carácter finalista, neste caso, contabilízanse como axustes por periodificación e non se abonan a resultados ata que se contraen as obrigas para as que foron autorizadas.


Seguindo o principio de prudencia, a Axencia unicamente contabiliza os ingresos efectivamente realizados ao peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas eventuais contabilízanse tan pronto son coñecidos.

(f) Situación fiscal

A Axencia é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. En base a isto e ao disposto no artigo 9 da Lei do Imposto sobre Sociedades en relación coa exención total de que gozan determinados entes do sector público, a Axencia encóntrase exento do Imposto sobre Sociedades.

(5) Estado Operativo

O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio 2014, que inclúe as obrigas recoñecidas no exercicio de acordo coa súa clasificación funcional por programas, así como os dereitos recoñecidos durante o exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntase a continuación (en euros):





| GASTOS ORZAMENTARIOS                      | IMPORTE             | INGRESOS ORZAMENTARIOS             | IMPORTE               |
|-------------------------------------------|---------------------|------------------------------------|-----------------------|
| 432B - Fomento das actividades culturais: | 9.266.646,67        | 3. Taxas, prezos e outros ingresos | 198.290,88            |
| 432C - Fomento do audiovisual:            | 426.730,97          | 4. Transferencias correntes        | 4.064.882,98          |
|                                           |                     | 5. Ingresos patrimoniais           | 85.412,95             |
|                                           |                     | 7. Transferencias de capital       | 4.837.902,61          |
| <b>Resultado orzamentario.-</b>           |                     |                                    | <b>( 506.888,22 )</b> |
| <b>Total.-</b>                            | <b>9.693.377,64</b> |                                    | <b>9.693.377,64</b>   |

## (6) Información de Carácter Financeiro


### (a) Cadro de financiamento

Os cadros de financiamento da Axencia correspondentes aos exercicios 2014 e 2013 preséntanse no Anexo 1 que se xunta, que forma parte integrante desta nota.

### (b) Remanente de tesourería

O estado do remanente de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio 2014 preséntase a continuación:

| CONCEPTOS                                 | IMPORTES    |                   |
|-------------------------------------------|-------------|-------------------|
| <b>1. (+) Dereitos pendentes de cobro</b> |             | <b>889.135,61</b> |
| (+) do Presuposto corrente                | 782.852,28  |                   |
| (+) de Presupostos Pechados               | 228.860,62  |                   |
| (+) de operacións non orzamentarias       | 126,00      |                   |
| (+) de operacións comerciais              |             |                   |
| (-) de dubidoso cobro                     | -122.703,29 |                   |
| (-) cobros ptes. de aplicación            | 0,00        |                   |
| <b>2. (-) Obrigas pendentes de pago</b>   |             | <b>708.514,28</b> |
| (+) do Presuposto corrente *              | 533.970,16  |                   |
| (+) de Presupostos Pechados               | 40.651,29   |                   |






|                                                 |            |                   |
|-------------------------------------------------|------------|-------------------|
| (+) Remanentes exerc. Anteriores                |            |                   |
| (+) de operacións non orzamentarias **          | 2.252,48   |                   |
| (+) Administraciones Públicas                   | 131.640,35 |                   |
| (-) pagos ptes. de aplicación                   | 0,00       |                   |
| <b>3. (+) Fondos Líquidos</b>                   |            | <b>666.506,50</b> |
| <b>I.- Remanente de Tesourería (1-2+3)</b>      |            | <b>847.127,83</b> |
| <b>I.-Remanente de Tesourería afectado</b>      |            | <b>-</b>          |
| <b>II.-Remanente de Tesourería non afectado</b> |            | <b>847.127,83</b> |

(c) Tesourería

O estado da tesourería da Axencia correspondente ao exercicio 2014 preséntase a continuación:

| CONCEPTOS                                            | IMPORTES     |                      |                   |
|------------------------------------------------------|--------------|----------------------|-------------------|
| <b>1.- COBROS</b>                                    |              | <b>11.582.309,90</b> |                   |
| (+) do Presuposto corrente                           | 8.403.637,14 |                      |                   |
| (+) de Presupostos Pechados                          | 3.178.672,76 |                      |                   |
| (+) de operacións non orzamentarias                  |              |                      |                   |
| <b>2. PAGOS</b>                                      |              | <b>11.243.372,45</b> |                   |
| (+) do Presuposto corrente                           | 9.291.320,68 |                      |                   |
| (+) de Presupostos Pechados                          | 1.952.051,77 |                      |                   |
| (+) de operacións non orzamentarias                  |              |                      |                   |
| <b>I. Fluxo neto de tesourería do exercicio(1-2)</b> |              | <b>338.937,45</b>    | <b>338.937,45</b> |
| <b>3. Saldo inicial da Tesourería</b>                |              |                      | <b>327.569,05</b> |
| <b>II. Saldo final de Tesourería (I+3)</b>           |              |                      | <b>666.506,50</b> |

O estado do fluxo neto de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio anual terminado no 31 de decembro de 2014 preséntase no Anexo II que se xunta, que forma parte integrante desta nota.





(d) Fondos Propios

O movemento en 2014 no epígrafe de “Fondos Propios” do balance é o seguinte (en euros):

| Descrición                       | Saldo 31/12/2013    | Altas                 | Regularización de exercicios anteriores | Traspasos      | Saldo 31/12/2014    |
|----------------------------------|---------------------|-----------------------|-----------------------------------------|----------------|---------------------|
| Resultados exercicios anteriores | 742.412,04          | -                     |                                         | 1.344.390,06   | 2.086.802,10        |
| Resultados do exercicio          | 1.344.390,06        | - 1.012.230,90        |                                         | - 1.344.390,06 | - 1.012.230,90      |
| <b>Totais</b>                    | <b>2.086.802,10</b> | <b>- 1.012.230,90</b> |                                         | <b>-</b>       | <b>1.074.571,20</b> |

(7) Información sobre a Execución do Gasto Público


(a) Modificacións de crédito

A AGADIC elaborou o orzamento correspondente ao exercicio 2014 tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, así como as finalidades e obxectivos que se propoñen conseguir. O citado orzamento é público, único e equilibrado. A súa estrutura e o seu sistema contable axústanse ás normas que con carácter xeral se establecen para o sector público a efectos de normalización contable.

Os créditos iniciais son os asignados a cada aplicación orzamentaria no presuposto aprobado para cada exercicio nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Os créditos definitivos veñen determinados polos créditos iniciais aumentados ou diminuídos como consecuencia de modificacións orzamentarias, que se realizan conforme ao disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e demais normativa de pertinente aplicación.

Os créditos presupostados para o exercicio 2014 foron os seguintes (en Euros):

| Créditos e modificacións    | Importes             |
|-----------------------------|----------------------|
| Créditos iniciais           | 10.125.602,00        |
| Modificacións orzamentarias | 2.439.079,89         |
| <b>Créditos definitivos</b> | <b>12.564.681,89</b> |








O detalle das modificacións de crédito da Axencia correspondentes ao exercicio 2014, atendendo á clasificación económica do gasto, é o seguinte (en Euros):

| Artigo | Denominación                                                       | Orzamento Inicial    | Modificacións Presupostarias | Orzamento Definitivo |
|--------|--------------------------------------------------------------------|----------------------|------------------------------|----------------------|
| 10     | Altos cargos e delegados                                           | 51.789,00            | 0,00                         | 51.789,00            |
| 12     | Funcionarios                                                       | 65.734,00            | 0,00                         | 65.734,00            |
| 13     | Laborais                                                           | 1.761.307,00         | 0,00                         | 1.761.307,00         |
| 16     | Cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador        | 531.216,00           | 0,00                         | 531.216,00           |
| 20     | Alugamentos e canóns                                               | 136.200,00           | 111.251,91                   | 247.451,91           |
| 21     | Reparacións, mantemento e conservación                             | 19.000,00            | 0,00                         | 19.000,00            |
| 22     | Material, subministracións e outros                                | 243.411,00           | 77.230,98                    | 320.641,98           |
| 23     | Indemnizacións por razóns do servizo                               | 22.226,00            | 2.050,43                     | 24.276,43            |
| 35     | Outros gastos financeiros                                          | 0,00                 | 827,90                       | 827,90               |
| 41     | A Administración Xeral da Comunidade                               | 0,00                 | 1.214.079,89                 | 1.214.079,89         |
| 44     | A Universidades                                                    | 0,00                 | 932,63                       | 932,63               |
| 46     | A Corporacións Locais                                              | 112.000,00           | -41.106,15                   | 70.893,85            |
| 47     | A empresas privadas                                                | 222.000,00           | 567.252,45                   | 789.252,45           |
| 48     | A familias e institucións sen fin de lucro                         | 100.000,00           | 281.559,85                   | 381.559,85           |
| 62     | Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos | 75.000,00            | -12.716,03                   | 62.283,97            |
| 64     | Gastos en investimentos de carácter inmaterial                     | 1.555.000,00         | 1.111.716,03                 | 2.666.716,03         |
| 77     | A empresas privadas                                                | 5.230.719,00         | -874.000,00                  | 4.356.719,00         |
|        | <b>TOTAIS.-</b>                                                    | <b>10.125.602,00</b> | <b>2.439.079,89</b>          | <b>12.564.681,89</b> |

(b) Remanentes de crédito

O detalle dos remanentes de crédito da Axencia correspondentes ao exercicio 2014, atendendo á clasificación económica do gasto, é o seguinte:

| Artigo | Denominación                                                | Remanentes comprometidos | Remanentes non comprometidos |
|--------|-------------------------------------------------------------|--------------------------|------------------------------|
| 10     | Altos cargos e delegados                                    | 0,00                     | 482,14                       |
| 12     | Funcionarios                                                | 0,00                     | -14.206,07                   |
| 13     | Laborais                                                    | 0,00                     | 94.418,91                    |
| 16     | Cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador | 0,00                     | -1.063,36                    |



|               |                                                                     |                     |                   |
|---------------|---------------------------------------------------------------------|---------------------|-------------------|
| 20            | Alugamentos e canons                                                | 0,00                | 26.439,86         |
| 21            | Reparacións, mantemento e conservación.                             | 0,00                | -16.507,49        |
| 22            | Material, subministracións e outros.                                | 5.719,17            | 8.055,96          |
| 23            | Indemnizacións por razóns do servizo.                               | 42,27               | -16.395,54        |
| 35            | Outros gastos financeiros                                           | 0,00                | 219,43            |
| 41            | A Administración Xeral da Comunidade                                | 0,00                | 0,00              |
| 44            | A Entidades Públicas Empresariais                                   | 0,00                | 0,00              |
| 46            | A Corporacións Locais                                               | 1.736,50            | 0,00              |
| 47            | A empresas privadas.                                                | 23.932,43           | 0,00              |
| 48            | A familias e institucións sen fin de lucro.                         | 13.800,00           | 209,34            |
| 62            | Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. | 0,00                | 51.761,48         |
| 64            | Gastos en investimentos de carácter inmaterial.                     | 109.588,67          | 189.266,09        |
| 77            | A empresas privadas.                                                | 1.750.029,64        | 643.774,82        |
| <b>TOTAL:</b> |                                                                     | <b>1.904.848,68</b> | <b>966.455,57</b> |


O detalle dos remanentes de crédito da Axencia correspondentes ao exercicio 2014 proceden unicamente de fondos propios.

**(c) Clasificación funcional do gasto**

O detalle da clasificación funcional do gasto da Axencia correspondente ao exercicio 2014 figura no estado de liquidación do presuposto de gastos – clasificación funcional que se presenta nestas contas. O presuposto da Agadic intégrase nos programas funcionais de gastos da Xunta de Galicia “432-B”, cuxa finalidade é o fomento das actividades culturais e “432C”, cuxa finalidade é o fomento do audiovisual.

**(d) Planificación do gasto conforme ao Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014**

O Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020 (PEG) configúrase coma un documento aberto de planificación económica que asume como obxectivos propios os principios orientadores da Estratexia 2020 da Unión Europea.





A planificación dos orzamentos formulada pola Agadic recolle dous eixes de actuación e dous obxectivos estratéxicos que establecen e desenvolven un conxunto de medidas nas que se integran as actuacións dos programas de gasto da Agadic:

EIXE E1/ Cohesión social, benestar e calidade de vida

Inclúense neste eixe os seguintes proxectos de gasto da axencia:

2013/00005: Actuacións Culturais.

2013/00006: Gastos de funcionamento.

2014/00004: Investimentos.

2014/00005: Gastos de funcionamento.

2014/00007: Capítulo 1 (gastos de persoal).

O obxectivo estratéxico para todos eles é o OE03/03 *Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora.*

En canto ás medidas, para o proxecto 2013/00005, é a M11/021 *Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso mentres que para os restantes é a M99/023 Soporte xeral- Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora.*

O importe do orzamentado inicialmente nestes proxectos de gasto para o exercicio 2014 ascende a 3.695.323 €.



EIXE: E2 / Dinamización Económica, Crecemento e Emprego

Inclúense neste eixe os seguintes proxectos de gasto da Agadic:

2010/00005: Axudas á produción.

2013/00009: Funcionamento do Centro Galego das Artes da Imaxe

2014/00001: Centro Dramático Galego

2014/00002: Centro Coreográfico Galego

2014/00003: Axudas en materia cultural

## 2014/00006: Centro Galego das Artes da Imaxe

O importe do orzamentado inicialmente nestes proxectos de gasto para o exercicio 2014 ascende a un total de 6.430.279 €.

O obxectivo estratéxico para todos eles é o OE03/08 *Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial.*

En canto ás medidas, trátase en todos os casos (menos no suposto do proxecto 2013/00009) da medida M11/061 *Consolidar un sector galego do audiovisual e das industrias culturais.* No caso do proxecto 2013/00009, a medida é a M99/073 *Soporte xeral-potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos.*

### (e) Execución de proxectos de investimento

No seguinte cadro preséntase o detalle da execución dos proxectos de investimento desenvolvidos pola Axencia durante o exercicio 2014:


| Proxecto           | Denominación                     | Autorizacións       | Compromisos         | Obrigas             |
|--------------------|----------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| 2010_00005         | AXUDAS A PRODUCCION              | 3.712.944,18        | 3.712.944,18        | 1.962.914,54        |
| 2013_00005         | ACTUACIÓNS CULTURAIS             | 1.877.109,51        | 1.867.219,04        | 1.762.863,01        |
| 2014_00001         | CENTRO DRAMÁTICO GALEGO          | 320.729,44          | 310.949,10          | 308.802,46          |
| 2014_00002         | CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO       | 168.771,29          | 166.202,51          | 163.116,51          |
| 2014_00004         | INVESTIMENTOS                    | 21.193,36           | 21.193,36           | 21.193,36           |
| 2014_00006         | CENTRO GALEGO DAS ARTES DA IMAXE | 131.580,77          | 122.408,42          | 122.408,42          |
| <b>TOTAL XERAL</b> |                                  | <b>6.232.328,55</b> | <b>6.200.916,61</b> | <b>4.341.298,30</b> |

### (f) Contratación administrativa

Durante o exercicio 2014 non se celebrou ningún contrato administrativo que supere o importe de contrato menor.

De acordo coa información recollida no módulo de Contratos do sistema contable Xumco, no ano 2014 adxudicáronse por esta axencia un total de 1.104 contratos administrativos, cuxo importe ascendeu a 965.189,50 euros.

Do total, o 20% e cun importe total de 192.972,20 euros, corresponde a subministros, e o resto, un 80%, son de servizos, cuxo importe suma 772.217,30 euros.





A súa totalidade corresponde a gastos menores e contratos menores, para a tramitación dos cales, de acordo co disposto no artigo 111 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado mediante Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, só se precisa a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, podendo ser adxudicados a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, segundo dispón o artigo 138.3 do mesmo texto refundido.


Non obstante o anterior, hai que ter en conta que a entrada en vigor da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (publicada no DOG nº 17, do 27 de xaneiro de 2014) supuxo cambios na tramitación daqueles contratos menores de obras de importe superior a 25.000 euros e nos restantes contratos menores de importe superior a 9.000 euros, nos que o órgano de contratación deberá invitar para a formulación de ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Revisada a relación de contratos administrativos referida, constan 7 contratos de importe superior a 9.000 euros + IVE.

**(g) Transferencias e subvencións concedidas**

O detalle das transferencias e subvencións concedidas pola Axencia durante o exercicio 2014 con cargo aos orzamentos do devandito exercicio económico, xunto cos importes recoñecidos como obrigas e os pagamentos realizados, é o seguinte (en Euros):

| Artigo                                 | Denominación                                      | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas no exercicio | Importe pagado no exercicio | Importe pendente de pagamento ao 31/12/2014 |
|----------------------------------------|---------------------------------------------------|----------------------|----------------------------------|-----------------------------|---------------------------------------------|
| 41                                     | A Admón Xeral da Comunidade Autónoma (remanentes) | 1.214.079,89         | 1.214.079,89                     | 1.214.079,89                | 0,00                                        |
| 44                                     | A Universidades                                   | 932,63               | 932,63                           | 932,63                      | 0,00                                        |
| 46                                     | A corporacións locais                             | 70.893,85            | 69.157,35                        | 69.157,35                   | 0,00                                        |
| 47                                     | A empresas privadas                               | 789.252,45           | 765.320,02                       | 749.120,02                  | 16.200,00                                   |
| 48                                     | A familias e institucións sen fin de lucro        | 381.350,51           | 367.550,51                       | 361.750,51                  | 5.800,00                                    |
| <b>Total transferencias correntes</b>  |                                                   | <b>2.456.509,33</b>  | <b>2.417.040,40</b>              | <b>2.395.040,40</b>         | <b>22.000,00</b>                            |
| 77                                     | A empresas privadas                               | 3.712.944,18         | 1.962.914,54                     | 1.962.914,54                | 0,00                                        |
| <b>Total transferencias de capital</b> |                                                   | <b>3.712.944,18</b>  | <b>1.962.914,54</b>              | <b>1.962.914,54</b>         | <b>0,00</b>                                 |
| <b>TOTAIS.-</b>                        |                                                   | <b>6.169.453,51</b>  | <b>4.379.954,94</b>              | <b>4.357.954,94</b>         | <b>22.000,00</b>                            |





\* No artigo 41 recóllese 1.214.079,89 € que corresponden ao remanente de tesourería do exercicio 2013, que a 31 de decembro xa fora transferido ao Tesouro da Comunidade Autónoma.

Polo que se refire ás obrigas pendentes de exercicios anteriores, a situación é a seguinte:


| Artigo                                 | Denominación                                          | Obrigas ex. anter. pendentes de pagamento a 01/01/2014 | Obrigas exerc. anter. anuladas no exercicio | Pagamentos ex. anter. realizados no exercicio | Obrigas ex. anter. pendentes de pagamento a 31/12/2014 |
|----------------------------------------|-------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------------|
| 41                                     | A Admón Xeral da Comunidade Autónoma (remanente 2012) | 1.160.217,25                                           | 0                                           | 1.160.217,25                                  | 0                                                      |
| 44                                     | A Universidades                                       | 2.352,80                                               | 0                                           | 2.352,80                                      | 0                                                      |
| 46                                     | A corporacións locais.                                | 0                                                      | 0                                           | 0                                             | 0                                                      |
| 47                                     | A empresas privadas.                                  | 79.418,03                                              | 0                                           | 58.267,69                                     | 21.150,34                                              |
| 48                                     | A familias e institucións sen fin de lucro.           | 5.814,67                                               | 0                                           | 0                                             | 5.814,67                                               |
| <b>Total transferencias correntes</b>  |                                                       | <b>1.247.802,75</b>                                    | <b>0</b>                                    | <b>1.220.837,74</b>                           | <b>26.965,01</b>                                       |
| 77                                     | A empresas privadas.                                  | 539.741,31                                             | -4.028,30                                   | 535.713,01                                    | 0                                                      |
| <b>Total transferencias de capital</b> |                                                       | <b>539.741,31</b>                                      | <b>-4.028,30</b>                            | <b>535.713,01</b>                             | <b>0</b>                                               |
| <b>TOTAL</b>                           |                                                       | <b>1.787.544,06</b>                                    | <b>-4.028,30</b>                            | <b>1.756.550,75</b>                           | <b>26.965,01</b>                                       |

Así mesmo, foron concedidas axudas con cargo a orzamentos de exercicios futuros, de acordo co seguinte detalle (en Euros):

| Artigo                                 | Denominación         | Importe concedido no exercicio (futuros acumulado) |
|----------------------------------------|----------------------|----------------------------------------------------|
| 77                                     | A empresas privadas. | 3.506.277,57                                       |
| <b>Total transferencias de capital</b> |                      | <b>3.506.277,57</b>                                |
| <b>TOTAL</b>                           |                      | <b>3.506.277,57</b>                                |

#### (h) Convenios

O detalle dos convenios con terceiros formalizados pola Axencia durante o exercicio 2014 preséntase no Anexo III, que forma parte integrante desta nota.





**(i) Persoal**

O número medio de empregados da Axencia no 2014, clasificados en categorías, xunto co detalle da conta de soldos e salarios, amósanse a continuación (en Euros):

| TIPO DE PERSOAL                             | TOTAL     | CUSTOS              |
|---------------------------------------------|-----------|---------------------|
| Altos cargos e persoal directivo            | 6         | 245.026,49          |
| Funcionarios/as e interinos                 | 3         | 73.838,68           |
| Laborais fixos/as e temporais (1)           | 57        | 1.374.060,12        |
| Indefinidos/as por sentenza                 | 5         | 105.209,73          |
| <b>TOTAL NÓMINAS.-</b>                      | <b>71</b> | <b>1.798.135,02</b> |
| Seg. sociais, Muface, Der.pas. (2)          |           | 532.279,36          |
| <b>CUSTO TOTAL.-</b>                        | <b>71</b> | <b>2.330.414,38</b> |
| (1) 53.658,48 son atrasos salariais         |           |                     |
| (2) 2.764,19 son atrasos de seguros sociais |           |                     |

A 31 de decembro de 2014, o persoal efectivo ao servizo da Axencia estaba composto por 31 mulleres e 40 homes.



Así mesmo o equipo directivo está formado por 6 membros (3 mulleres e 3 homes): director da Agadic, coordinadora do Departamento de Xestión, coordinadora do Departamento de Política Audiovisual, coordinador do Departamento de Produción Teatral, coordinadora do Departamento de Produción Coreográfica e director do CGAI.

**(j) Anticipos de tesourería**

Durante o exercicio 2014 a Axencia non lle foi concedido ningún anticipo de tesourería dos regulados no artigo 63 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

**(k) Obrigas de presupostos pechados**

O movemento en 2014 e o detalle das obrigas de presupostos pechados da Axencia ao 31 de decembro de 2014, atendendo á súa clasificación por exercicios, é o seguinte (en Euros):






| ANO           | Obrigas ptes. de<br>pagamento ao<br>1/01/2014 | Rectif. saldo<br>entrante | Total obrigas       | Pagos realizados    | Obrigas ptes. de<br>pagamento ao<br>31/12/2014 |
|---------------|-----------------------------------------------|---------------------------|---------------------|---------------------|------------------------------------------------|
| 2008          | 848,20                                        |                           | 848,20              | 0,00                | 848,20                                         |
| 2009          | 107.205,65                                    |                           | 107.205,65          | 88.000,00           | 19.205,65                                      |
| 2010          | 100.597,44                                    |                           | 100.597,44          | 80.000,00           | 20.597,44                                      |
